



A ASOCIACIÓN POLA DEFENSA DA RÍA PRESENTA, A TRAVÉS DA FEDERACIÓN ECOLOXISTA GALEGA, UNHA RECLAMACIÓN FORMAL Á CERTIFICACIÓN FORESTAL BAIXO ESTÁNDARES FSC DA EMPRESA DO GRUPO ENCE NORFOR

A Asociación pola defensa da Ría ven de presentar, a través da Federación Ecoloxista Galega da que forma parte, unha reclamación formal diante de FSC Internacional contra a certificación da empresa filial do Grupo ENCE, Norte Forestal (NORFOR) dedicada ao monocultivo de eucalipto en Galicia, Asturias e Cantabria, solicitando a suspensión do certificado de xestión forestal sostible e tamén que se deixe de recoñecer a Bureau Veritas como entidade certificadora para o sistema FSC, por participar na comisión dun fraude que leva a conceder un selo “verde” para unha actividade claramente insostible.

En efecto, Bureau Veritas cometeu un fraude cando concedeu, sen unha argumentación xustificativa elemental, en xuño de 2010, o certificado trala realización dunha auditoría na que representantes da APDR e da FEG explicaron aos auditores de modo detallado os problemas ambientais que a xestión industrial das plantacións de eucalipto orixinan e tamén os problemas sociais e económicos que provoca o baixo prezo da madeira que consegue manter a empresa en base á importación de eucalipto de Sudamérica ou África, cando lle interesa presionar aos produtores galegos para conseguir unha baixa. Tamén se lle amosou á empresa encargada de conceder o selo a NORFOR, como se produce a destrución de recursos, usos e servizos do monte como consecuencia do uso abusivo de agrotóxicos. Mesmo na actualidade, ENCE está a promover a fumigación masiva, non so nas parcelas que xestiona, senón alí onde hai eucalipto, cun insecticida xa prohibido pola Unión Europea, unha fumigación que, de realizarse, terá consecuencias para os sistemas naturais e a produción apícola e agrícola debido á eliminación de polinizadores e outros insectos beneficiosos. Dadas as evidencias da mala xestión forestal que practica a empresa nos seus monocultivos e o engano que supón para o consumidor que compra un produto co selo FSC convencido que a madeira coa que se elaborou procede de plantacións ben xestionadas, se decidiu presentar unha queixa solicitando a suspensión do certificado por incumprimento dos principios e criterios nos que se basea o sistema de certificación.

A pesar de que os protocolos do FSC obrigan a atender as reclamacións que se fan aos certificados concedidos dende sectores interesados na xestión forestal, incumprindo as normas que rexen estes procedementos, nin FSC nin BV atenderon a reclamación. Este feito ven a amosar un absoluto desprezo pola normas da certificación por parte de BV e unha total falla de control dos certificados por parte do propio FSC. Todo indica que os intereses económicos, o beneficio da empresa certificada que vende máis caro o seu produto e o da empresa certificadora que cobra por conceder e manter o certificado, teñen prevalecido sobre as normas de funcionamento do sistema, as normas que proporcionaban a garantía aos produtos certificados.

A corrupción que se está a producir no sistema de certificación FSC, con certificacións indebidas e inxustificadas como a que Bureau Veritas realizou a NORFOR, nas que non se respectan as garantías procedementais como a de manter un carácter aberto nos procesos de certificación atendendo aos comentarios dos grupos interesados na xestión forestal, réstalle a máis mínima fiabilidade aos produtos co selo, tal e como ocorre co papel co selo FSC elaborado a partir de madeiras que proceden de montes xestionados por NORFOR onde se está a producir unha degradación acelerada. Bureau Veritas amosa nesta certificación unha total falla de escrúpulos



e o caso da empresa de ENCE súmase a outros en todo o mundo nos que os selos “verdes” ocultan degradación ambiental e danos sociais.

Por iso, a Asociación pola defensa da Ría, a través da Federación Ecoloxista Galega, solicita a con esta reclamación, agora diante dos máis elevados órganos do FSC Internacional, a suspensión do certificado a NORFOR e a retirada de BV como entidade certificadora recoñecida, a única posibilidade de que o sistema de certificación poda recuperar a credibilidade perdida e empece a certificar coas garantías que permitan asegurar ao consumidor que un produto pasou por un proceso de certificación aberto no que participaron os sectores interesados na xestión forestal e se cumpriron os principios e criterios do selo e polo tanto procede de montes xestionados con criterios de sustentabilidade. O contrario ao ocorrido na certificación que Bureu Veritas concedeu a NORFOR.

Pontevedra, 20 de xuño de 2012

Benito Andrade, membro da APDR